

Convocatoria ordinaria 2025
LINGUA GALEGA E LITERATURA II

O exame consta de **4 preguntas de resposta obrigatoria**, de 2,5 puntos cada unha, das que a segunda, a terceira e a cuarta teñen posibilidade de elección entre apartados. En todas as preguntas a coherencia, cohesión, corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos elaborados, así como a súa presentación, terá unha valoración de **0,5 puntos**.

TEXTO

Se ben é **certo** que no momento actual todas as persoas que falamos galego nos recoñecemos como falantes dun *mesmo* idioma, con todos os matices das falas de cadaquén, tamén o é que a lingua está nun proceso permanente e continuo de transformación, de cambio e de *innovación*. Conviría preguntarse se Martín Codax e Rosalía de Castro entenderían o galego do século XXI e, asemade, se se identificarían con el. Sobre a primeira **resposta**, poucas dúbidas temos de que si nos entenderían. Sobre a segunda, a cousa non é tan doada, sobre todo se pensamos na variedade do galego que, **desde** hai catro décadas, se está a estender como variedade *referencial*, e que coñecemos como variedade estándar. Con certeza, identificaríanse máis co galego de Fernández del Riego.

O galego estándar é unha variedade lingüística supradialectal, planificada desde posicións académicas co correspondente aval político, cuxa principal finalidade adoita ser idear e promover unha *estratexia niveladora* da *extraordinaria* diversidade que caracteriza a **nosa** lingua. A partir desa diversidade, sobre todo da variación diatópica, elabórase unha variedade orientada a potenciar o seu uso no sistema educativo, nos **medios** de comunicación e na administración, en particular no que atinxe aos usos escritos da lingua.

Fernando Ramallo, “Que é o galego estándar?”, *Que pasa co galego?* (2023)

PREGUNTA 1. COMUNICACIÓN. (2+0,5=2,5 puntos).

Lea atentamente o texto anterior e responda estes dous apartados:

- 1.1.** Realice un resumo do texto destacando nel as ideas principais. Evite parafrasear o texto, exprésese coas súas palabras. Extensión aproximada: 60 palabras. **(1 punto)**.
- 1.2.** Indique e explique se o texto anterior é descritivo, narrativo ou expositivo-argumentativo. Xustifique a súa resposta con, como mínimo, tres exemplos tirados do texto. Extensión aproximada: 60 palabras. **(1 punto)**

PREGUNTA 2. REFLEXIÓN SOBRE A LINGUA. (2+0,5=2,5 puntos).

Responda dous destes catro apartados:

- 2.1.** Indique se a vogal tónica das seguintes palabras, destacadas en letra grosa no texto, é unha vogal media semiaberta ou semipechada: *certo, resposta, desde, nosa, medios*. **(1 punto)**.
- 2.2.** Sinale a que categoría gramatical pertencen as seguintes palabras que aparecen subliñadas no texto: *todas, asemade, aval, niveladora, seu*. Engada un segundo exemplo de cada tipo extraído tamén do texto. **(1 punto)**.
- 2.3.** Identifique e explique que clase de perífrase verbal é a contida nesta secuencia do texto: *variedade do galego que, desde hai catro décadas, se está a estender*. Escriba un segundo exemplo que amose esta mesma clase de perífrase verbal, pero empregando un verbo auxiliar diferente. **(1 punto)**.
- 2.4.** Clasifique as seguintes palabras do texto, que aparecen destacadas en cursiva, en simples, derivadas, compostas ou parasintéticas e xustifique a súa resposta: *mesmo, innovación, referencial, estratexia, extraordinaria*. Escriba un sinónimo e un antónimo de cada unha delas. **(1 punto)**.

PREGUNTA 3. A LINGUA E OS SEUS FALANTES. (2+0,5=2,5 puntos).

Responda un destes dous apartados:

- 3.1.** A partir do escrito de Fernando Ramallo, redacte un texto de opinión centrado na importancia da variedade estándar para calquera lingua e, en particular, para o galego. O texto deberá contar con: breve introdución, corpo de argumentación (dous argumentos como mínimo) e conclusión. Extensión aproximada: 200 palabras. **(2 puntos)**.

3.2. Este texto pertence á novela *Avelaiñas eléctricas* (2022) de Sica Romero. Indique que variedade dialectal reflicte xustificando a súa adscrición mediante, como mínimo, catro exemplos tirados do relato. A partir desta narración e dos seus trazos dialectais elabore logo un texto expositivo-argumentativo sobre o valor das variedades dialectais das linguas, especialmente da lingua galega. Extensión aproximada: 120 palabras. **(2 puntos).**

Sen máis nin máis, desacóughaste. Que che pasa? É o nerviosismo que aparece. Así, sen máis nin máis. Pásache moitas veces despois de días estraños, no momento de sentar, cando deixas de moverte e faser cousas. (...) Ó fondo, unha parella crusa frases soltas. Ela apoucada. El cani. Por pouco que mires entendes que nin se coñesen. (...) Apetéseche escribir. Faselos sen parar pra botar fóra. Pensas se deberías meter esta parte da noite no caderno.

Sica Romero, *Avelaiñas eléctricas* (2022)

PREGUNTA 4. EDUCACIÓN LITERARIA. (2+0,5=2,5 puntos).

Responda un destes dous apartados:

4.1. Este texto de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao pertence ao libro *Retrincos* (1934). Relacione o relato, sucintamente, coa restante obra do autor e coa narrativa da Época Nós. Indique o tema principal e xustifíqueo a partir de exemplos tirados do texto. Analice, brevemente, a estrutura do relato e a caracterización dos dous personaxes principais. Extensión aproximada: 200 palabras. **(2 puntos).**

Sabela

Cando eu andaba no estudo era un mozo das romerías, bailador e divertido. Non había festa na vila, nin nos arredores, onde non aparecese danzando como un trompo esgarabilleiro. ¡Ai, aqueles valeses, aquelas mazurcas, aquelas polcas e aquelas habaneras! Entón o agarradiño aínda era un pecado venial, e bailábamos con tino, para que os vellos non refungasen. (...)

Había na vila unha rapaza do meu tempo, xeitosa de corpo, feitiña de cara, leda de xenio, traballadora de condición, pescantina de oficio e limpa de conducta; pero picante nos dicires. (...) A primeira vez que bailei foi con ela. (...) A rapaza comprometeuse a enseñarme, i eu pagáballe coa miña ledicia de estudante. (...) Pouco a pouco fun deprendendo, e non tardei en bailar valeses e mazurcas con certa maestría. Dispois xa me fixen bailador e aproveitaba tódalas tocatas; pero afeito á miña compañeira non tiña gusto en bailar con outras. De remate os dous fixemos unha das mellores parellas. (...)

Marcheime da vila cangado cun tido universitario, e as preocupacións do meu vivir arredáronme das troulas. Perdín a mocidade, fíxeme home; o baile chegou a parecerme cousa de parvos, e fai moitos anos que nin tan siquera vexo bailar. Do tempo de estudante non gardei un recuncho para as lembranzas de romería, e Sabela esvaéuseme da memoria.

Cando se proclamou a República lanceime á política e saín deputado das Constituíntes. A miña vila quixo agasallarme e alá fun eu. (...) Cheguei á casa de meus pais, e na beira da porta vin a unha muller... Era gorda de ventre, de pernas e de brazos; a cara inflada e vermella; a boca sen dentes; a postura de regateira.

Miroume, fite a fite, cos ollos mergullados en bágoas, e ó pasar a carón dela sioume con voz estremecida estas verbas: —¡Meu bailador!

Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, *Retrincos* (1934)

4.2. Este poema de Luz Pozo Garza pertence ao libro *Verbas derradeiras* (1976). Relacione o texto, sucintamente, co conxunto da escrita da autora. Indique o tema central do poema xustificándoo a partir de exemplos tirados do texto e analice as principais figuras literarias que nel se empregan. Extensión aproximada: 200 palabras. **(2 puntos).**

Soidade

a soidade
é unha nena tristeira
un can late na sombra
unha porta
bateuse
contra o medo
soidade meniña
sen amor

esquecida no medio do silencio
abandada chuvia
caen as follas
soidade
meniña adormecida
nun curruncho
trema de frío
e noite
cabo da xente

Luz Pozo Garza, *Verbas derradeiras* (1976)